

Estimada familia,

O IES Rego de Trabe, tras dous anos de parada por mor da Covid-19, retoma as viaxes de estudos, neste caso para 1º Bacharelato, a Barcelona e Port Aventura.

Realizaremos a viaxe con **Viaxes Kanvoy**.

DATOS XERAIS DA VIAXE:

- Destino: BARCELONA E PORT AVENTURA
- Aloxamento: En hotel, 1 noite en Barcelona e 3 noites en Salou.
- Datas: do **6 ao 10 de abril de 2022**
- Prezo Viaxe: desde 530 euros.
- Saída: mércores 6, no voo das 9:15 de Coruña a Barcelona.
- Chegada: domingo 10, ás 22:00 no aeroporto de A Coruña.

O PREZO DA VIAXE INCLÚE: *seguro asistencia e cancelación (incluye Covid-19 e corentena), voos directos Coruña-Barcelona-Coruña, maleta facturada de 23 kg, 4 noites de aloxamento en hotel en réxime de media pensión (1 en Barcelona en 3 en Salou), comida dous días en Port Aventura, entrada á Pedrera, Parque Güell, Port Aventura dous días e Ferrariland 1 día, visita panorámica con guía con Barcelona, visita a Montjuic, traslados en autobús por Barcelona e Salou, rifas e bolígrafos para financiar a viaxe,...*

OPCIONAL: *entradas a Camp Nou (11€) e teleférico (13€). Sagrada Familia actualmente non permite visitas grupales de estudantes. De activarse antes da nosa visita, informaríase ao grupo do prezo e pautaríase un horario de visita.*

PROTOCOLO COVID-19: O día **5 de abril** o alumnado terá que entregar no centro un **certificado de antíxenos COVID-19 negativo**. A día de hoxe é necesario presentar certificado COVID-19 para acceder a bares e restaurantes en Cataluña.

PRERRESERVA: O alumnado interesado en asistir á viaxe debe cubrir o cuestionario que se achega neste [enlace](#) ata o xoves 27 de xaneiro de 2022 ás 23:59.

- O **xoves, 27 de xaneiro ás 16:00** teremos unha reunión informativa no Salón de Actos.

Para información adicional sobre as condicións da viaxe, poden poñerse en contacto coa axencia de viaxes Kanvoy, no teléfono 690394388 (Manuel).

Un cordial saúdo.

Vicedirección do IES Rego de Trabe

En Culleredo, a 25 de xaneiro do 2022